

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN FORMATIVA DE LIMPIEZA HOSPITALARIA, DO PROXECTO CIDADE+ (INTERREG III-A)



PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para cubrir 15 prazas no Curso de Limpieza hospitalaria, que forma parte das accións formativas do Proxecto Cidade +.

Este curso ten una duración de 40 horas. A formación realizarase na Academia Trihesa, c/ Cobián Roffignac, nº4- 2ºd, Pontevedra, de luns a xoves, en horario de **tarde** (16:00/20:00). A acción formativa levarase a cabo entre os meses de marzo e abril de 2006, con data prevista de comezo o 20 de marzo. O curso acóllese ó Convenio Marco e existe un compromiso de contratación por parte de Limpiezas Faro, S.L. dun 50%.

SEGUNDA: CONTIDO DO CURSO

1. Introducción: a limpeza na actualidade.
2. Úsos e maquinaria.
3. Pavimentos. Recubrimientos textis. Recoñecemento. Mantemento.
4. Fachadas.
5. Centros sanitarios. Servicios e procedementos.

TERCEIRA: BOLSAS POR DESPRAZAMENTO

Os beneficiarios da acción formativa terán dereito a unha bolsa por desprazamento, entendendo este concepto como a distancia que exista entre o domicilio dos usuarios e lugar de impartición do curso.

Aboarase mensualmente unha contía máxima de 360 € ou 240 € (segundo sexa a distancia superior ou inferior a 12 km) e descontarase a razón de 18 € o 12 € por día ó alumno que non asista ó curso.

CUARTA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. REQUISITOS MÍNIMOS:
 - Ter cumpridos 18 anos de idade
 - Persoas emigrantes retornadas e os seus descendentes, que acrediten que non trancurriron máis de cinco anos do seu retorno
 - Inmigrantes que posúan autorización de residencia e traballo

- Nivel académico: formación básica en lecto-escritura (certificado de escolaridade ou equivalente no país de orixe)
- Nivel profesional: non se precisan coñecementos específicos
- Condicións: aquelas que non impidan o desenvolvemento da profesión

2. REQUISITOS DE VALORACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Data de antigüidade no INEM
- Experiencia profesional acreditada no sector
- Formación relacionada

QUINTA: SOLICITUDES

As solicitudes para o curso presentaranse ou ben no Rexistro Xeral da Deputación (en horario de 9:00 a 13:00 horas, de luns a sábado), ou nas instalacións do proxecto Cidade + na Cidade Infantil Príncipe Felipe (en horario de 8:00 a 15:00 de luns a venres). Prazo de presentación de solicitudes, quince días naturais dende a publicación das bases, que quedarán expostas no taboleiro da Deputación e na páxina web.

SEXTA: DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- Currículo segundo modelo facilitado en Rexistro da Deputación, en Cidade + ou ben na páxina web
- DNI ou NIF
- Para emigrante retornado: documento acreditativo da condición de retornado
- Para familiar de retornado: documento que acredite o parentesco co retornado
- Para inmigrante: autorización de residencia e traballo
- Tarxeta do INEM
- Vida laboral
- Certificado de ingresos: prestacións INEM, Xunta ou nómina
- Certificado de antigüidade no INEM

SÉTIMA: COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección dos beneficiarios desta acción formativa do Proxecto Cidade + (Interreg III-A) estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: A deputada delegada do Servizo de Acción Social, promoción de emprego e muller ou en quen delegue
- O secretario da corporación ou en quen delegue
- Vogais:
 1. A xerente de Cidade+ ou en quen delegue
 2. As dúas técnicas responsables do Departamento de orientación laboral do proxecto Cidade+
 3. Dous representantes de Limpiezas Faro, SL.

OITAVA : PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O proceso selectivo constará de **dúas fases**: valoración de **currículo** e **entrevista persoal**, establecéndose como puntuación máxima 5 puntos en cada fase.

- VALORACIÓN DO CURRÍCULO

O currículo será valorado atendendo ós seguintes criterios de baremación

REQUISITO	BAREMO	
	criterio	puntos
Experiencia profesional no sector	Máis de 12 meses	2
	De 6 a 12 meses	1
	Menos de 6 meses	0.5
Tempo en desemprego	Máis de 12 meses	1
	De 6 a 12	0.5
Recursos económicos	Se non ten ingresos	0.5
Formación relacionada	Por curso	0.25
	Máximo	1.5

- ENTREVISTA PERSOAL

A puntuación máxima da entrevista será de 5 puntos, que se sumarán á puntuación obtida na fase de baremación de currículo. Para superar a entrevista terá que obter unha puntuación superior a 2.5.

As entrevistas realizaranse cinco días naturais despois de rematado o prazo de entrega de solicitudes, en horario de 9:00h. a 13:00h., no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra.

A selección de usuarios/as para a entrevista realizarase en dúas quendas por orde rigorosa de apelido: do A ó M, horario de 9:00h. da mañá; do N ó Z a partir das 12:00h.

NOVENA: PROPOSTA DE SELECCIÓN

Ó día seguinte da realización da entrevista publicarase na páxina web e no taboleiro da Deputación a lista de admitidos para o curso. Así mesmo tamén se publicará unha lista de reserva, para que, en caso de baixas, poidan incorporarse novos/as alumnos/as.

DÉCIMA: RÉXIME XURÍDICO

A comisión de valoración queda facultada para adoptar as decisións que se estimen oportunas para a aplicación destas bases.

Pontevedra, 21 de febrero de 2006

O PRESIDENTE
SECRETARIO

O